



CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN

ESO

- **Promoción de curso:** cun máximo de dúas materias avaliadas negativamente, sempre e cando estas non sexan Lingua galega / Lingua castelá e mais Matemáticas.
- **Repetición de curso:** con tres o máis materias avaliadas negativamente ou dúas sempre e cando estas sexan unha lingua (Lingua galega ou Lingua castelá) e Matemáticas.
Poderá repetirse un mesmo curso só unha vez e un máximo de dous cursos na etapa. Cando a segunda repetición se produza en 3º ou 4º ESO, prolongarase a idade ata os 19 anos (feitos no ano en que finaliza o curso). Excepcionalmente poderase repetir dúas veces 4º ESO sempre e cando non se tivese repetido ningún curso da etapa.
Excepcionalmente poderase promocionar con tres materias avaliadas negativamente, por decisión do equipo docente.
- En setembro celebraranse **probos extraordinarios** para as materias avaliadas negativamente en xuño.
- **Avaliación final:** poderase presentar todo aquel alumnado que superase todas as materias ou só obtivese cualificación negativa en dúas (agás no caso de que estas sexan Lingua galega / Lingua castelán e Matemáticas).
- **Título de GRAO en educación secundaria obrigatoria (permite acceder ás ensinanzas postobrigatorias).** Será preciso ter superada a avaliación final e unha cualificación final de etapa igual ou superior a 5. A cualificación final da educación secundaria obrigatoria deducirase da seguinte ponderación:
 - a) Cun peso do 70 %, a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en educación secundaria obrigatoria.
 - b) Cun peso do 30 %, a nota obtida na avaliación final da educación secundaria obrigatoria.

BACHARELATO

- **Promoción.** Superadas todas as materias ou con dúas como máximo avaliadas negativamente. Neste caso deberán matricularse en 2º das materias pendentes de 1º.
- **Repetición de curso:** con tres o máis materias avaliadas negativamente.
Os alumnos e as alumnas que ao termo do **segundo curso** tivesen avaliación negativa nalgúnhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo
Poderá repetirse un mesmo curso só unha vez por nivel. Excepcionalmente, o equipo docente poderá, excepcionalmente, permitir a repetición dun curso unha segunda vez.
- **Avaliación final.** Só se poderá presentar o alumnado que acadase avaliación positiva en todas as materias. Avaliaranse as seguintes materias:

a) Todas as materias xerais cursadas no bloque de materias troncais. No suposto de materias que impliquen continuidade, terase en conta só a cursada en segundo curso.

b) Dúas materias de opción cursadas no bloque de materias troncais, en calquera dos cursos. As materias que impliquen continuidade entre os cursos primeiro e segundo só computarán como unha materia; neste suposto terase en conta só a materia cursada en segundo curso.

c) Unha materia do bloque de materias específicas cursada en calquera dos cursos, que non sexa Educación Física nin Relixión.

- **Título de bacharel.** Para obter o título de bacharel será necesaria a superación da avaliación final de bacharelato, así como unha cualificación final de bacharelato igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación final desta etapa deducirase da seguinte ponderación:
 - a) Cun peso do 60 %, a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en bacharelato.
 - b) Cun peso do 40 %, a nota obtida na avaliación final de bacharelato.

PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO

- O alumnado que curse o programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento promocionará ao cuarto curso se supera todos os ámbitos e materias que integran o programa. Tamén promocionará aquel alumnado que, tendo superados os ámbitos lingüístico e social e científico e matemático, teña avaliación negativa nunha ou dúas materias.
- O alumnado poderá permanecer un ano máis no segundo curso do programa (3º PMAR), sempre que o equipo docente considere esta medida como a máis adecuada para cursar cuarto curso da educación secundaria obrigatoria pola vía ordinaria, e obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- Para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, o alumnado que promocioe a cuarto curso con materias ou co ámbito de linguas estranxeiras do programa pendentes, deberá seguir un programa de reforzo adaptado ás súas características e necesidades

FORMACIÓN BÁSICA

- **Promoción a 2º FB cando:**
 - a) Superase todos os módulos nalgunha das convocatorias establecidas.
 - b) Os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20 % do horario semanal e superase o módulo de Comunicación e sociedade I ou o módulo de Ciencias aplicadas I. Con todo, deberá matricularse destes módulos profesionais pendentes de primeiro curso.
- **Repetir 1º FB.** O alumnado que non cumpra os requisitos de promoción ao segundo curso deberá repetir o primeiro curso na súa totalidade.

CM SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS E REDES

- **Promoción:** de 1º a 2º curso cun módulo avaliado negativamente ou dous se estes son:
 - Formación e Orientación Laboral
 - Sistemas Operativos Monoposto

Os módulos suspensos deberán cursarse no seguinte curso.

- Para acceder á FCT é necesario ter superados todos os módulos.

- Unha vez superados todos os módulos, incluído FCT, obterase o **Título de Técnico en Sistemas Microinformáticos e Redes.**